Ditame sobre o anteproxecto de Lei da Calidade Alimentaria de Galicia

ANTECEDENTES

1.- En data 28 de setembro de 2022 tivo entrada no Consello Económico e Social de Galicia (CES) oficio do presidente da Xunta de Galicia remitindo, para o seu preceptivo ditame, o Anteproxecto de ***Lei da Calidade Alimentaria de Galicia.***

Este organismo resulta competente para o ditame deste anteproxecto de lei de acordo co previsto no artigo 5 da súa lei de creación (Lei 6/1995, de 28 de xuño). O devandito artigo establece entre as funcións que corresponden ao CES a de emitir ditames de carácter preceptivo ou facultativo, atopándose entre os primeiros aqueles que versen sobre "Anteproxectos de lei e proxectos de decretos lexislativos e plans xerais ou sectoriais que regulen materias socioeconómicas directamente vinculadas ao desenvolvemento económico e social de Galicia. (...)".

2.- O texto do anteproxecto foi remitido, en data de 28 de setembro, á presidencia e aos membros da Comisión Sectorial número 1, Economía, emprego e sectores produtivos, competente por razón da materia, para a posterior elaboración do correspondente ditame, co fin de iniciar os traballos de estudo sobre a devandita proposta. Así mesmo, tal como establece o Regulamento de Réxime Interno do CES, deuse conta á Comisión Permanente da entrada de solicitude de ditame.

3.- O anteproxecto a ditaminar ven acompañado da Memoria xustificativa e económica, do Informe da Secretaría Xeral de Igualdade e do Informe sobre impacto demográfico, entre outros documentos.

4.- A Comisión Sectorial, na súa sesión 14/22, de data 25 de novembro, acordou aprobar a proposta de ditame e remitila á Presidencia do Consello para a súa tramitación.

5.- O presidente do CES, de acordo coa Comisión Permanente do organismo, convoca o Pleno do Consello, que na súa sesión 6/22 do 7 de decembro, e tras coñecer o texto remitido, acorda aprobar o seguinte

DITAME

sobre o Anteproxecto de ***Lei da Calidade Alimentaria de Galicia.***

ESTRUTURA E CONTIDO.

Tal como sinala a exposición de motivos, a evolución que sufriu o sector alimentario e a experiencia acumulada neste anos de aplicación da Lei 2/2005, do 18 de febreiro, de promoción e defensa da calidade alimentaria galega, xunto cos cambios que se produciron no marco legal comunitario e español en materia de regulación da calidade alimentaria, fan preciso proceder a unha nova regulación da calidade alimentaria en Galicia.

Sen prexuízo desta labor de actualización lexislativa, son obxecto desta lei o impulso da calidade diferenciada na Comunidade Autónoma de Galicia e o establecemento das bases para o control oficial do cumprimento dos requisitos establecidos para a comercialización dos produtos alimentarios e a persecución da fraude alimentaria.

Este Anteproxecto de Lei estrutúrase nunha exposición de motivos, onde se resumen os obxectivos da norma e as novidades lexislativas no ámbito da calidade alimentaria, e unha parte expositiva, dividida nun Título preliminar, sete Títulos e as disposicións adicionais, transitorias, derrogatoria e finais necesarias para a súa aplicación e entrada en vigor.

O Título preliminar “Disposicións e principios xerais”, artigos 1 a 4, establece o obxecto, o ámbito de aplicación e os fins desta lei, así como as súas definicións xerais.

O Título I, “Competencias, organización administrativa e institucional”, integrado polos artigos 5 a 13, regula as competencias e a organización e os órganos de asesoramento, consulta e participación. En particular regula a Axencia Galega de Calidade alimentaria e crea dous novos órganos de consulta e participación.

O Título II, dedicado á “Aseguranza da calidade alimentaria e da sostibilidade da cadea alimentaria”, comprende os artigos 14 a 27. Este Título establece o concepto e ámbito da aseguranza da calidade alimentaria, as obrigas das

persoas operadoras para a sinalada aseguranza e o sistema de certificación da sostibilidade da cadea alimentaria.

O Título III, artigos 28 a 45, céntrase nas “figuras de promoción e protección da calidade alimentaria”. Este Título contén as disposicións relativas á calidade alimentaria diferenciada, incorpora as novidades normativas introducidas con respecto á normativa anterior e, ademais, regula a promoción de marcas de garantía.

O Título IV, artigos 46 a 61, aborda a “xestión e control das figuras de protección da calidade diferenciada”. Neste Título regúlase a xestión pública das figuras de protección, así como a delegación da dita xestión nos consellos reguladores; polo que tamén se establecen os recursos e financiamento dos sinalados consellos, a tutela, supervisión e auditoría dos mesmos e os efectos do incumprimentos das súas obrigas. Finalmente establécese o procedemento de creación das asociacións sectoriais nas denominacións xeográficas de calidade.

O Título V, artigos 62 e 66, céntrase nas “medidas de fomento”. No dito Título establécense as medidas de fomento aplicables no sector alimentario, facendo mención especial das medidas relativas á calidade diferenciada.

O Título VI, artigos 67 a 86, está dedicado ao “control oficial”, e regula o control oficial da calidade de xeito xeral, a toma de mostras e as especificidades do control oficial das figuras de protección da calidade diferenciada.

Finalmente, o anteproxecto incorpora dúas disposicións adicionais, dúas disposicións transitorias, unha disposición derrogatoria e catro disposicións finais.

CONSIDERACIÓNS XERAIS

1.- O CES Galicia valora positivamente a proposta de actualización do marco normativo relativo á calidade dos alimentos producidos, elaborados ou comercializados en Galicia e a conformidade dos mesmos coa normativa que resulte de aplicación xa que logo considera prioritario o control de todos os produtos alimentarios postos no mercado. Así mesmo valora positivamente o feito de que a regulación contemple non só a realidade actual do mercado e da diversidade de produtos que acceden a el, senón tamén a virtualidade do texto para adaptarse a novas tipoloxías de produto e figuras de calidade que poidan desenvolverse no futuro.

Valoramos especialmente a defensa que o texto fai dos intereses das persoas produtoras e a posta en valor dos alimentos producidos e elaborados en Galicia e en especial aqueles amparados baixo figuras de promoción ou protección da calidade. Considera que estas decisións contribuirán á consecución de obxectivos como a soberanía alimentaria ou os obxectivos de desenvolvemento sostible e potenciarán as prácticas de consumo sostible e responsable así como o desenvolvemento de iniciativas vencelladas á economía circular e boas prácticas.

Neste senso, a aposta por alimentos nutritivos, saudables, de calidade diferenciada, e que respondan ás inquietudes crecentes de coidado do medio ambiente e de benestar animal, son unha demanda irrenunciable da sociedade actual, que está tamén a experimentar unha preocupación cada vez maior pola accesibilidade de alimentos destas características, pola vulnerabilidade que implica traer alimentos doutras partes do planeta, pola crise enerxética e climática, e polo mantemento dun medio rural no que as actividades agrarias e gandeiras xeren riqueza e contribúan a unha xestión do territorio sostible, como unha das ferramentas esenciais tamén para combater graves problemas como a degradación dos solos ou os incendios forestais. Ante a difícil conxuntura actual, diversos organismos como a UE ou a propia FAO sinalaron o carácter estratéxico de relocalizar a produción de alimentos (políticas como a da granxa

á mesa, reducir a pegada de carbono apoiando os mercados de proximidade...) e apoiar de xeito decidido as producións locais, cuestións nas que esta lei pode e debe ter un papel moi importante.

2.- Desde o CES de Galicia bótase en falta tanto na exposición de motivos do texto como no marco dos obxectivos que persegue a norma, incluír o obxectivo de traballar para que os produtos alimenticios de calidade diferenciada da nosa comunidade sexan accesibles ao conxunto da poboación e que a calidade diferenciada non chegue a ser sinónimo de acceso diferenciado. A xuízo do CES de Galicia os custos derivados da calidade dos produtos, ingredientes e a xusta retribución aos operadores alimentarios poden en certa medida ser compensados co menor impacto económico derivado da utilización de produto local e da minoración de determinados custes como os de loxística ou transporte.

3.- O CES de Galicia considera preocupante a falta de claridade en relación á delimitación do marco competencial dos distintos departamentos das administracións que en maior ou menor medida inclúen entre o seu ámbito de actuación aspectos relacionados coa produción, transformación, comercialización, promoción ou publicidade dos produtos alimentarios, especialmente en cuestións relacionadas coa etiquetaxe, a publicidade ou a xestión de reclamacións, como se pon de manifesto en artigos como o 103.3, onde se prevé o traslado da parte correspondente das actuacións a outras autoridades competentes en materia de consumo ou sanidade.

O CES de Galicia considera que se desaproveita a ocasión para resolver conflitos acaecidos no pasado recente e con isto poderían verse prexudicados os intereses das persoas consumidoras, ou dificultado na práctica o exercicio de accións de reclamación e denuncia ao tempo que poderían propiciarse situacións de falta de actuación ante condutas fraudulentas.

4.- O CES bota en falta as referencias á colaboración dos operadores alimentarios con outras entidades ou elos da cadea, especialmente as agrupacións de persoas consumidoras, nas actividades de promoción e información sobre produtos de calidade e especialmente alimentos de calidade diferenciada; as escasas referencias que se fan no texto limítanse a procurar a colaboración destas organizacións en materia de inspección.

5.- Co obxecto de acadar unha norma cunha linguaxe sinxela, clara e precisa, o CES considera que algúns artigos deste anteproxecto deberían mellorar a súa redacción, en concreto destacamos:

- O apartado 1.a) do artigo 23.

- O apartado 2 do artigo 36.

- O apartado 2 do artigo 43.

- O apartado b) do artigo 89.

Finalmente, o CES entende que, co afán de clarificar a redacción do texto, deberíase cambiar o termo "*cooperativismo*" polo de "*economía social*", por ser este último máis amplo e conter tanto ao cooperativismo como ás sociedades laborais, mutualidades, empresas de inserción.... Tendo isto en conta, debería modificarse a redacción de artigos como o 64, ou o 65.1.a).1º entre outros.

6.- O CES de Galicia lembra a necesidade de adaptar o texto ao emprego do abecedario galego.

7.- O CES considera convinte que os aspectos pendentes de desenvolvemento regulamentario teñan unha pronta resposta, cuns prazos establecidos na presente lei para que sexan prazos vinculantes.

CONSIDERACIÓNS PARTICULARES

Artigo 1.- Obxecto

Considérase que ademais do fomento da produción de alimentos de calidade diferenciada debe promoverse tamén a súa comercialización.
Estímase así mesmo, que entre os obxectivos desta norma debería incluírse favorecer o acceso de toda a poboación a produtos de calidade diferenciada.

Artigo 2.- Ámbito de aplicación

O CES estima que o ámbito de aplicación da lei non resolve aspectos competenciais que estiveron presentes nos últimos tempos, e por este motivo considera que debe establecerse unha concreción clara das competencias dentro da administración autonómica.

Neste senso, na redacción proposta non queda suficientemente claro cando o comercio polo miúdo pode ser obxecto do ámbito de aplicación da Lei, xa que tal e como figura na redacción, deixa totalmente aberta esta posibilidade de inspección ou control ao non concretar a "natureza das investigacións" ou o "tipo de infracción" que estas poden motivar.

As marcas cunha calidade diferencia -por exemplo a marca Galega 100 % ou outras similares- recolle uns requisitos de calidade hixiénico-sanitaria que aparecen excluídos no artigo 2 b). A este respecto, o artigo debería recoller que se exceptúan da exclusión aqueles aspectos referidos no presente artigo que se incorporen á calidade, proceso ou esixencia dos produtos de calidade diferenciada amparados por algunha das figuras recollidas na presente lei.

Artigo 3.- Fins

O CES considera que a expresión *tratando de evitar* que se incorpora no **apartado b)** do **artigo 3** é pouco ambiciosa.

A redacción do **apartado e)** do **artigo 3,** emprega os termos *elaboración* e

transformación e dá a entender que se trata de dúas actividades diferenciadas cando o artigo 4 kk) establece que ambos son equivalentes. Esta consideración faise extensible a outros artigos do anteproxecto nos que se utilizan ámbolos termos coma se de dúas actividades diferentes tratásese (p. ex. artigo 4.(f)

O fin de colaborar para abordar cuestións que afecten os obxectivos desta lei, regulado no **apartado f)** do **artigo 3**, debería estenderse a máis axentes que á industria alimentaria.

Tendo en conta que o un dos principais obxectivos desta lei é fomentar, potenciar e garantir a produción de alimentos de calidade diferenciada, o CES considera que, tal como se establece no **apartado i)** do **artigo 3,** deberá fomentarse e potenciarse con independencia da forma xurídica de quen os produza elaboren ou comercialicen, sen prexuízo dunha especial consideración ás empresas de economía social.

No **apartado q)** do **artigo 3**, establécese como fin da lei "Promover a formación e cualificación das persoas operadoras alimentarias". Este fin non ten ao longo do desenvolvemento desta normativa un claro compromiso, nin concreción nas medidas e nas accións posteriores. En concreto, no artigo 62 f), referido as actuacións non se ofrece maior detalle, nin tampouco no artigo 63 j) onde se da prioridade ás iniciativas que promovan a formación técnica.

Neste senso, o CES considera que se debería de concretar no texto normativo as medidas que permitan acadar a finalidade de promoción a formación das persoas operadoras alimentarias.

Artigo 4.- Definicións xerais

O CES propón que en toda aquela definición que proveña dunha normativa básica se inclúa explicitamente a normativa da que procede.

Considérase que dentro das actividades sometidas a autocontrol, definición establecida no **apartado c)** do **artigo 4**, deberían incluírse tamén as de promoción e/ou publicidade.

Considérase pouco apropiado que se utilice unha definición de persoa consumidora final, **apartado m**) do **artigo 4**, que difire da que se establece na lei 2/2012 galega xeral para a defensa das persoas consumidoras e usuarias.

Na definición de produción local establecida **no apartado jj)** do **artigo 4,** non está claro se se pode ou debe considerar como produción local aquela que a pesar de cumprir o requisitos da distancia, orixínase fóra do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

O CES entende que se debería de xustificar o motivo concreto polo cal se define no **apartado nn)** do **artigo 4** o viño e non se definen outros produtos como o vinagre, o mosto ou a augardente, e iso a pesar de que na presentación do anteproxecto fíxose especial referencia a que o réxime de infraccións e sancións será de aplicación tamén a estes produtos.

Artigo 5.- Atribucións da Consellería competente en materia de agricultura

O CES considera que no **apartado e)** do **artigo 5**, como atribución da Consellería debe estar a formación, promoción e o fomento do asociacionismo e a cooperación, en particular a través da economía social.

Artigo 12.- Consello Alimentario de Galicia

O CES observa que no **apartado 2** do **artigo 12**, debería engadirse como función do Consello, recibir e avaliar as propostas estratéxicas e xerais que trasladen as distintas entidades integrantes do Consello.

O CES entende que, no **apartado 3** do **artigo 12,** debería facerse expresa referencia a que as organizacións máis representativas sexan galegas.

Artigo 16.- Obrigas xerais das persoas operadoras alimentarias

O CES considera que no **apartado 2.c)** do **artigo 16** debería establecerse de

xeito claro a obriga de pór en coñecemento dos órganos competentes calquera forma de fraude, ou práctica enganosa, induza esta a erro ou non das persoas operadoras alimentarias ou persoas consumidoras, ou prexudique ou non a imaxe ou calidade dos produtos.

O CES considera que se debería definir no **apartado f)** do **artigo 16** a documentación concreta que se debe manter durante un prazo mínimo de 6 anos. Tendo en conta a amplitude das obrigas sería preciso concretalo na norma ou no seu desenvolvemento, co fin de aliviar as cargas administrativas para os operadores.

Artigo 17.- Sistema de autocontrol

Como consecuencia da falta de claridade respecto do reparto competencial da administración de consumo e a administración con competencias en materia de calidade alimentaria, o CES considera que no **apartado 4** do **artigo 17** debería incluíse a necesidade de que respecto da xestión das reclamacións se faga referencia á obrigación dun tratamento axeitado e nun prazo determinado desde a súa presentación.

O CES considera que no **apartado 7** do **artigo 17** debería citarse explicitamente que o prazo para aplicar as medidas correctoras é de 15 días naturais.

Ademais considérase unha falta de congruencia a posibilidade de que se estableza un prazo maior para aplicar as medidas correctoras cando se trate dun produto acollido a unha figura de protección de calidade diferenciada, desta forma podería exporse o paradoxo de que un produto de maior calidade vaia acompañado dun procedemento menos áxil á hora de aplicar medidas correctoras.

Por outra banda, e respecto da expresión *causa xustificada,* considérase que deberían facerse certas consideracións sobre que se entende como tal e a criterio de que autoridade pode ter tal consideración.

Artigo 18.- Modulación do autocontrol

O CES considera que a modulación do autocontrol debería ser aplicada excepcionalmente en función dos parámetros que este artigo sinala.

Artigo 20.- Identificación da persoa subministradora, da persoa receptora e de produtos

No **apartado 3** do **artigo 20**, o CES entende que se debería aclarar a redacción, xa que se estima que non existe coherencia entre a primeira e a segunda parte do apartado.

Artigo 21.- Accesibilidade e claridade da identificación dos produtos alimentarios

Co fin de dotar de maior seguridade xurídica e evitar posibles malas interpretacións o CES estima que no **apartado 1** do **artigo 21**, sería beneficioso incluír unha referencia á normativa aplicable.

Artigo 22.- Rexistros dos produtos

No **apartado 5** do **artigo 22,** respecto do prazo durante o cal haberán de conservarse os rexistros de operacións realizadas o CES estima que en ningún caso pode ser inferior ao prazo de 6 anos e que a referencia a un prazo diferente establecido nunha norma específica debería aplicarse exclusivamente cando o prazo sexa máis amplo e nunca cando sexa inferior.

O CES considera que no **apartado 5** do **artigo 22,** sería necesario definir que rexistros en concreto (por exemplo, os de rastrexabilidade) son os que deben manterse durante un prazo mínimo de 6 anos, xa que son múltiples as operacións que se poden realizar no ciclo produtivo. Esta concreción é

necesaria, co fin de aliviar a carga administrativa para o operador.

Artigo 23.- Produtos non conformes

O CES considera que debería engadirse ao final do **apartado 1.b**) do **artigo 23** a referencia á *norma xurídica que lle resulte de aplicación*.

No **apartado 2** do **artigo 23,** considérase incongruente a referencia a que non poderán utilizarse dentro do sector alimentario os produtos non conformes e que con todo a letra c) do apartado 3 permita a entrega dos mesmos a entidades sociais para a alimentación de colectivos vulnerables. O CES estima que debería aclararse na propia lei ou nun futuro desenvolvemento regulamentario.

Artigo 27.- Sistema de certificación da sostibilidade do sector alimentario galego

Considérase que calquera sistema de certificación da sustentabilidade do sector alimentario necesariamente haberá de cumprir coas disposicións derivadas da Lei 12/2013 de medidas para a mellora do funcionamento da cadea alimentaria. A referencia á antedita lei, ou calquera outra que a substitúa ou complemente, debería establecerse expresamente no **apartado 2** do **artigo 27**.

O **apartado 4** do **artigo 27** cando fai referencia á avaliación dos requisitos do prego de condicións, só fai referencia á 'produción', cando tamén se poden ver implicados os procesos de transformación e comercialización en canto ao cumprimento dunha serie de obrigas que marquen unha diferencia con outros produtos estándar.

Neste sentido o CES considera que deben engadirse os procesos de transformación e comercialización na referencia deste artigo e nos que concorden co mesmo.

No **apartado 7** do **artigo 27** prevese o desenvolvemento regulamentario dos Comités de Sostibilidade, pero non se determina ningunha indicación sobre a súa composición. O CES entende que debería recollerse a natureza das organizacións representadas.

Artigo 38.- Produtos artesáns de montaña e caseiros

Considérase que especificamente debería sinalarse no **apartado 2** do **artigo 38** que se está a referir a empresas artesanais alimentarias que desenvolven a súa produción en Galicia.

Por outra banda considérase que a expresión *base fundamental* debería definirse para maior claridade da norma.

Artigo 43.- Obrigas das persoas operadoras alimentarias relacionadas coa produción, elaboración e comercialización das figuras de protección da calidade diferenciada

O CES considera que no **apartado 1.i)** do **artigo 43** debería establecerse unha antelación mínima obxectiva expresada en días.

Artigo 45.- As marcas de garantía do sector público galego para a promoción da produción alimentaria de calidade de Galicia.

O artigo 45 prevé a creación dunha marca de garantía para a promoción de tódolos produtos alimentarios de calidade de Galicia. Tal como se recolle, a dita marca poderá englobar, produtos amparados baixo figuras de protección ou promoción da calidade diferenciada e produtos que conten cunha marca de garantía sectorial. Ademais nesta marca de garantía xeral, tamén poderán englobarse produtos que conten coa certificación do titular da marca ou que sen contar con esta certificación do titular sexan producidos, elaborados ou transformados no territorio de Galicia, sempre que teñan unha calidade superior

ou cumpran uns requisitos específicos de calidade que os distingan doutros da mesma natureza.

Con esta previsión, poderían estar incluídos dentro dunha mesma marca produtos con Denominación de Orixe ou Indicación Xeográfica Protexida, xunto con outros produtos que non conten cun réxime de calidade tan esixente, e mesmo poderían estar incluídos produtos de fóra de Galicia que foran obxecto dalgún tipo de elaboración ou transformación en Galicia. A posibilidade de que todos eles estean baixo unha mesma marca de calidade, ademais de inducir a confusión ou erro na identificación ou orixe dos produtos, acabaría por rebaixar o status de alimentos que contan cunha calidade diferenciada. Se a isto lle engadimos que baixo o mesmo paraugas poderían entrar alimentos producidos fóra de Galicia con algún tipo de elaboración ou transformación no territorio da comunidade autónoma, a confusión e o prexuízo para os produtos galegos con calidade diferenciada sería moito maior, de maneira que se chegaría a un resultado contrario ao que se pretende, ao tempo que se favorecería o amparo de produtos que pouco ou nada teñen que ver con Galicia.

Tendo en conta as anteriores observacións, o CES considera que a previsión legal do artigo 45 pode resultar máis prexudicial que beneficiosa na finalidade de promocionar os produtos alimentarios galegos, xa que podería amparar alimentos non producidos en Galicia, e rebaixar o status de alimentos que contan cunha calidade diferenciada.

O CES considera que debería definirse ben neste artigo ben no artigo 4 o concepto *calidade superior* utilizado no **apartado 2** do **artigo 45.**

Artigo 48.- Requisitos dos consellos reguladores para actuar como entidades de xestión.

Artigo 49.- Estatutos dos consellos reguladores.

Entre os novos requisitos establecidos na futura norma é unha cuestión especialmente sensible a relativa á aprobación dos estatutos á través dos que

se rexerán os consellos reguladores, establecida nos artigos 48 e 49. A adaptación a este novo requirimento, da regulación que rexen as denominacións xeográficas de calidade e aos seus consellos reguladores e que nalgúns casos aprobáronse tras longos procesos xudiciais, pode levar a que, contrariamente ao que se pretende -impulso das calidades diferenciadas- estas véxanse debilitadas.

Por este motivo o CES considera que se debería atender á posibilidade de que os consellos reguladores poidan seguir rexéndose polas súas normas de funcionamento debidamente aprobadas, incorporando neles os aspectos novidosos que resultan do texto (v.gr. as obrigas dos operadores alimentarios do artigo 43 ou as novas obrigas dos consellos reguladores establecidas no artigo 52).

Artigo 52.- Obrigas dos consellos reguladores

No **artigo 52** recóllense as obrigas dos consellos reguladores, e ademais das recollidas, bótase en falta a referencia dun punto específico á obriga de cumprimento das normas de funcionamento dos órganos colexiados da administración pública en canto exerzan potestades públicas, e á de velar polo funcionamento democrático dos seus órganos de goberno conforme á normativa aplicable.

Artigo 57.- Medidas por incumprimento das funcións e das obrigas como entidade de xestión

O CES considera que no **apartado 2** do **artigo 57** debería cambiarse a expresión *poderán* desenvolverse por *deberán* desenvolverse e que ademais a previsión refira ao caso de incumprimento das *funcións* e tamén das *obrigas* dos consellos reguladores.

Artigo 58.- Revogación da autorización

O CES entende necesario que no **apartado 4** do **artigo 58** se regule a obriga de publicar un regulamento para a tramitación do procedemento de revogación das autorizacións.

Artigo 62.- Fomento, desenvolvemento tecnolóxico e innovación alimentaria

Dentro das actividades de promoción da Administración da Comunidade Autónoma o CES propón incluír o impulso da economía circular e a sustentabilidade do sector alimentario.

Asemade, na **letra f)** do **artigo 62**, entende que se debería engadir a formación para o emprego.

Artigo 65.- Contratación pública de produtos alimentarios

Entre os criterios de adxudicación o **apartado c)1º** do **artigo 65.1** establece os alimentos de calidade diferenciada inscritos nos rexistros europeos de denominación de orixe protexidas e indicación xeográficas protexidas. O CES considera que debería aclararse a exclusión doutras figuras de promoción.

Establécese neste artigo un listado de aspectos sociais, ambientais e de calidade que poderán establecerse como requisitos no prego de prescricións técnicas ou como criterios de adxudicación sempre que garden vinculación co obxecto do contrato. Cabe destacar que estamos asistido á elaboración de distintas normas, ademais da que se está a ditaminar, (Lei 5/2021, de 2 de febreiro, de impulso demográfico de Galicia, Anteproxecto de Lei para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia) que fan referencia a distintos aspectos sociais, ambientais e de calidade na contratación do sector público autonómico. O CES entende convinte sistematizar nunha única disposición ou criterio adoptado polo

Consello da Xunta estes aspectos para evitar contradicións entre as distintas normativas.

Artigo 66.- Fomento da calidade diferenciada

O CES considera que, no **apartado 1.d)** do **artigo 66**, deberían propiciarse ademais iniciativas de colaboración e interacción entre operadores alimentarios e outros axentes da cadea.

TÍTULO VI: Control Oficial. Capítulo I e II

No desenvolvemento regulamentario debería terse en conta o artículado do Proxecto de Real Decreto relativo aos controis e outras actividades oficiais realizados sobre a cadea agroalimentaria e operacións relacionadas do Ministerio de Consumo (en audiencia ata o pasado mes de setembro). Este proxecto incorpora ao ordenamento nacional o Regulamento (UE) 2017/625, do Parlamento Europeo e do Consello, do 15 de marzo de 2017, relativo aos controis e outras actividades oficiais realizados para garantir a aplicación da lexislación sobre alimentos e pensos, e das normas sobre saúde e benestar dos animais, sanidade vexetal e produtos fitosanitarios, que establece o marco de regulación da Unión Europea en materia de controis e outras actividades oficiais realizados por parte das autoridades competentes para garantir a aplicación da lexislación da Unión relativa á cadea agroalimentaria, así como actualizar a lexislación nacional vixente respecto diso.

Artigo 67.- Control oficial

En concordancia co contido da consideración referida ao artigo 2, o CES entende que, no **apartado 3** do **artigo 67**, cando recolle as exclusións sobre o control de determinados aspectos que lle corresponden a outros organismos, debería recoller a excepción de que algún dos parámetros referidos fose incorporado, por algunha das figuras de calidade previstas na presente lei, como elemento

diferenciador do produto referido, xa que en tal caso sería un elemento máis da certificación correspondente.

Artigo 69.- Realización da toma de mostras

O CES considera que a "*pertenza*" a unha empresa é un concepto xurídico indeterminado que non aporta seguridade xurídica.

Artigo 74.- Métodos de análise e laboratorios

No **artigo 74** o CES bota en falta a referencia á ENAC, que é o organismo que verifica a nivel estatal os diferentes métodos de validación de ensaios para certificar diferentes parámetros segundo o produto do que se trate.

Artigo 88.- Dereitos das persoas inspeccionadas

No **artigo 88** o CES propón engadir como dereito da persoa inspeccionada recibir información sobre a actuación inspectora.

Artigo 90.- Do ámbito fa función inspectora

A redacción do **apartado 1** do **artigo 90** xera dúbidas en relación ao marco competencial, xa que parece desprenderse deste apartado que a consellería competente en materia de Agricultura é competente tamén para realizar as funcións inspectoras cando se trate de produtos da pesca e marisqueo e a acuicultura.

A inclusión no **apartado 2.f)** do **artigo 90** dos aspectos relacionados coa etiquetaxe, a presentación e a publicidade dos produtos alimenticios, xera novamente, a dúbida sobre a distribución do marco competencial das autoridades de consumo, mar e as competentes en materia de calidade

alimentaria, máxime cando o artigo 2 establece determinadas exclusións en materia de etiquetaxe.

Artigo 92.-Actuación da inspección

No **artigo 92.4.b**, recóllese a posibilidade de empregar na labor inspectora a lectura dos valores rexistrados polos instrumentos de medida utilizados pola empresa. O CES entende que se debe engadir a excepción dos supostos nos que se comprobe que o instrumento non funciona correctamente.

Artigo 93.- Persoal inspector

O CES considera que**,** para evitar a redundancia, debería eliminarse a referencia no **apartado 1** do **artigo 93** á solicitude de axuda ás forzas e corpos de seguridade tendo en conta que con máis detalle e expresamente, regúlase no artigo 95 1.

Artigo 96.- Adopción

O **apartado 5** do artigo 96 recolle os supostos de adopción das medidas cautelares; o CES entende que debe clarificarse a redacción do apartado 5.a) para que sexa o máis garantista posible.

Artigo 97.- Tipos de medidas cautelares

O CES estima que no **apartado 5 do artigo 97,** debe recollerse o réxime concreto de recursos daqueles regulados na normativa de procedemento administrativo.

Neste artigo o CES bota en falta un apartado que recolla a obriga de adoptar as medidas cautelares que sexan proporcionais ás circunstancias do caso.

Artigo 99.- Medidas cautelares respecto de produtos perecedoiros

O CES considera que, no caso de que na resolución finalmente indicásese a inexistencia de infracción e o produto fose vendido en poxa pública, aínda que ao operador se lle aboe o importe obtido na devandita poxa, habería que terse en conta que debe arbitrarse un sistema que permita recuperar o custo efectivo de produción**.**

Artigo 100.- Multas coercitivas

O CES non considera que unha medida sancionadora de 3000 euros con carácter trimestral poida ser o suficientemente disuasoria en supostos de especial gravidade.

Artigo 106.- Responsabilidade polas infraccións

O CES estima imprescindible que, no **apartado 2** do **artigo 106**, se determine se a referencia á responsabilidade das persoas administradoras, xestoras,... se refire a unha responsabilidade subsidiaria ou solidaria respecto das persoas xurídicas ás que están vinculadas.

Considérase que no **apartado 4** do **artigo 106,** a responsabilidade solidaria debe estenderse ás situacións non só nas que, coñecida a infracción, se presta o consentimento senón tamén nas que se encubra a infracción de forma voluntaria ou tamén deixen de adoptarse as medidas necesarias para evitar a continuación da infracción como consecuencia dunha actuación neglixente.

Artigo 107.- Infraccións leves

O CES considera que a expresión no **apartado n)** do **artigo 107.1**, referida ao *incumprimento meramente formal* xera inseguridade xurídica tendo en conta que

este concepto non se define na lei. Ademais, esta infracción refire a supostos non tipificados como graves e con todo o anteproxecto non tipifica ningunha infracción de natureza grave derivada do incumprimento de medidas cautelares.

O CES entende que a infracción recollida no **apartado e)** do **artigo 107.2** debería revestir a cualificación de grave tendo en conta que afecta á utilización indebida ou incorrecta de símbolos identificativos da Unión Europea xa que por si mesma é susceptible de xerar confusión entre os consumidores con independencia do feito de que non se afecten as características do produto.

Artigo 108.- Infraccións graves

O CES considera que no **apartado q)** do **artigo 108.1**, debería concretarse que de entende por documentación comercial e de acompañamento.

No **artigo 108.1 aa)** , recóllese como infracción grave ”*A desconsideración e o trato irrespectuoso ao persoal que realiza o control oficial*.”

Ao tratarse da definición dunha conduta con elementos de apreciación subxectiva, supón unha inseguridade xurídica. O CES considera que o tipo de condutas sancionables deben estar definidas como situacións ou accións concretas para que os expedientes sancionadores estean baseados en elementos obxectivos.

Artigo 109.- Infraccións moi graves

No artigo **109.1 d)** recóllese como infracción moi grave ”*os insultos, coaccións, ameazas, inxurias, represalias, agresións ou calquera outra forma de presión grave ao persoal da administración e dos consellos reguladores que realiza funcións de inspección e ás persoas instrutoras dos expedientes sancionadores.*”

Todas estas condutas, que son graves dentro da actuación inspectora, aparecen só como infracción moi grave sen ningún tipo de gradación na súa conduta, o que implica un mínimo de 150.000 € de sanción. O CES considera adecuado contemplar algunhas destas condutas dentro das infraccións graves, e detallar mellor o tipo de condutas para castigar de forma axeitada e proporcionada este tipo de actuacións, pois iguálase un insulto con unha agresión física, o que resulta tamén desproporcionado, aínda tratándose de condutas igualmente reprochables .

Artigo 112.- Graduación das sancións

O CES considera que o **apartado d)** do **artigo 112.1** debería engadise tamén a referencia ao incumprimento dos requirimentos previos de corrección.